



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2016-77

SELECCION DE PERSOAL SERVIZO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS

En Laza a, 19 de Xaneiro de 2016

BASES QUE REXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DE POSTOS DE REFORZO DO SERVIZO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS DO CONCELLO DE LAZA (ENFERMEIROS E TÉCNICOS EN EMERXENCIAS) CON BOLSA DE CONTRATACIÓN ENTRE OS ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

PRIMEIRA.- OBXECTO

1.- Para a prestación efectiva dos servizos de intervención en emerxencias sanitarias obxecto do Convenio de data 20 de decembro de 2012 entre o Concello de Laza e as UTES das obras do AVE, o Concello de Laza, necesita convocar un proceso de selección para cubrir prazas de enfermeiros e de técnicos en emerxencias, de acordo có seguinte:

- 3 postos de enfermeiro e bolsa de contratación.
- 2 postos de técnico en emerxencias e bolsa de contratación.

2.- Os candidatos seleccionados contrataranse baixo a modalidade de contrato laboral de obra ou servizo, a xornada completa, coas retribucións que corresponden conforme o Convenio de colaboración de data 20 de decembro de 2012 entre o Concello de Laza e as UTES das obras do AVE, someténdose ás demais condicións que se determinen no contrato.

3.- A incorporación ás prazas será segundo as necesidades do servizo o calendario establecido e os turnos que se establezan.

4.- Requisitos dos enfermeiros:

- **Nivel académico**
- Diplomado en Enfermería ou equivalente.

- Permisos de conducir:

- B

5.- Requisitos dos técnicos en emerxencias:

- **Nivel académico:**

Titulación: Graduado en Educación Secundaria, equivalente ou superior.

- **Formación:**



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

- Curso Básico de Protección Civil.
- Curso de implantación de plans de emerxencia - evacuación e primeiros auxilios.
- PRL para operadores de vehículos y maquinaria de movemento de terras.

- Permisos de conducir:

- B - C - C1

A non acreditación do cumprimento dos requisitos sinalados, será causa de non aceptación da solicitude de participación no proceso selectivo.

SEGUNDA.- Os contratos terán a duración necesaria para cubrir o reforzo no servizo de atención en emerxencias e asistencia sanitaria do Concello de Laza.

TERCEIRA.- A retribución será a que fixa o orzamento municipal na partida correspondente.

CUARTA.- A xornada será a precisa para cubrir o servizo as vinte e catro horas do día durante os trescentos sesenta e cinco días do ano. Isto inclúe, sábados, domingos e festivos según o cadrante que se estableza para o servizo.

QUINTA.- As bases da convocatoria expóranse no taboleiro de anuncios do Concello de Laza, e na páxina web <http://www.depourense.es/index.php/ofertas-emprego-concellos>; e o anuncio da convocatoria publicarase no BOP para que os interesados presenten as súas solicitudes no prazo **dos seguintes TRES DIAS NATURAIS ó da publicación de dito anuncio no BOP de Ourense**, no rexistro do Concello de Laza na C/ Castiñeiro, 4 de Laza en horario de 9 a 14 horas ou por calqueira das formas previstas na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99, de 13 de xaneiro, (BOE nº 12 de 14-1-99).

No caso de presentar a solicitude por calqueira das formas previstas na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, deberáse comunicar a este Concello, achegando copia da instancia por fax o nº 988 42 21 02; ou mediante envío da mesma por correo electrónico á concello@laza.es. Se non se recibe dita comunicación dentro do prazo de presentación das instancias, non se admitirán ó proceso selectivo.

Se o derradeiro día do prazo que se indicou coincidira con sábado, domingo ou festivo, o prazo prorrogarase ata o seguinte día natural non festivo.

Os aspirantes presentarán instancia de admisión, no modelo que se une a estas bases como anexo I, a que acompañarán a documentación acreditativa dos méritos que aleguen, fotocopia do D.N.I. e "Curriculum Vitae".

Nas instancias solicitarase a admisión ó proceso selectivo. Para acceder a cada un dos procesos



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

selectivos que se convocan, o aspirante deberá atoparse en posesión da titulación esixida nestas bases para cada caso; inadmitíndose aos aspirantes que non posúan a titulación esixida.

Deberan presentar xunto coa instancia o "Curriculum Vitae", no que se fará constar a experiencia profesional, títulos universitarios ou académicos, méritos e demais circunstancias persoais, que deberán ser acreditados debidamente a través de certificados, fotocopias cotexadas, informes de vida laboral, etc, co fin de proceder o seu estudo e valoración de méritos, conforme a respectiva baremación que consta nas presentes bases, non valorándose os que non estén debidamente acreditados, nin aqueles non esixidos nin relacionados co posto.

O feito de presentarse a esta oferta de contratación, constitúe sometemento expreso aos criterios de selección e as facultades da comisión para adoptar as medidas necesarias que aseguren o correcto desenvolvemento da mesma.

SEXTA.- CONDICIONS DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos necesarios para participar no proceso selectivo os seguintes:

- a) Ser español e maior de idade, sin prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso de nacionais dos Estados membros da Unión Europea, así como os extranxeiros residentes en España que reunan os requisitos esixidos na Lei Orgánica 4/2000.
- b) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o exercizo de cargos públicos, salvo prescripción das sancións correspondentes.
- d) Non atoparse incurso en causa de incapacidade con arreglo á lexislación vixente.
- e) Estar en posesión da titulación académica esixida ou en disposición de obtela antes do remate do prazo de presentación das instancias.

SETIMA.- Logo do remate do prazo de presentación de solicitudes o Alcalde do Concello aprobará a lista de admitidos e excluídos ó proceso de selección.

O proceso de selección constará de dúas fases:

1ª Valoración de méritos achegados.

A avaliación dos méritos achegados suxeitarase os seguintes baremos:

A) Enfermeiros:

1. CURRICULUM	Máx. 5,5 puntos
1.1 Por servizos prestados na administración local, na mesma categoría	0,10 /mes Máximo 3,5 puntos



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

1.2 Por servizos prestados noutra administración pública, diferente á local, na mesma categoría	0,10 / mes Máximo 1,5 puntos
1.3 Por servizos prestados na empresa privada, na mesma categoría	0,10 / mes Máximo 0,50 puntos

2. CURSOS DE FORMACIÓN RELACIONADOS COAS TAREFAS DO POSTO	Máx. 2,5 puntos
2.1 Por cursos de entre 0 e 15 horas	0,20
2.2 Por cursos de entre 16 e 30 horas	0,30
2.3 Por cursos de entre 31 e 60 horas	0,50
2.4 Por cursos de entre 61 e 100 horas	0,75
2.5 Por cursos de máis de 100 horas	1,00

B) Técnicos en emerxencias:

1. CURRICULUM	Máx. 8 puntos
1.1 Por servizos prestados na administración local, na mesma categoría	0,10 / mes Máximo 4,00 puntos
1.2 Por servizos prestados noutra administración pública, diferente á local, na mesma categoría	0,10 / mes Máximo 2,50 puntos
1.3 Por servizos prestados na empresa privada, na mesma categoría	0,10 / mes Máximo 1,50 puntos

2. CURSOS DE FORMACIÓN RELACIONADOS COAS TAREFAS DO POSTO	Máx. 10 puntos
2.1 Por cursos de entre 0 e 15 horas	0,4
2.2 Por cursos de entre 16 e 30 horas	0,7
2.3 Por cursos de entre 31 e 60 horas	1,00
2.4 Por cursos de entre 61 e 100 horas	1,25
2.5 Por cursos de máis de 100 horas	1,50

2ª Proba Teórico - Práctica e Entrevista Persoal.

Para os postos de **enfermeiros**, realizarase unha **proba teórica** que constará dun exame con vinte preguntas, nas que cada unha das respostas acertadas puntuará 0,25 puntos e cada unha das respostas erróneas restarán 0,10 puntos sobre a puntuación total. **Máximo cinco (5) puntos**. Tamén se realizará unha **proba práctica** sobre o manexo e pericia dos materiais propios do posto de traballo. **Máximo cinco (5) puntos**. Realizarase, ademais, unha **entrevista persoal** que se valorará cun



máximo de dous puntos (2).

Para os postos de **técnicos** de emerxencias, realizarase unha **proba teórica** que constará dun exame con vinte preguntas, nas que cada unha das respostas acertadas puntuará 0,25 puntos e cada unha das respostas erróneas restarán 0,10 puntos sobre a puntuación total. **Máximo cinco (5) puntos.** Tamén se realizará unha **proba práctica** sobre o manexo e pericia dos materiais propios do posto de traballo. **Máximo cinco (5) puntos.** Realizarase, ademáis, unha **entrevista persoal** que se valorará cun **máximo de dous puntos (2).**

3ª Proba de Galego.

Constará dun exercicio de tradución dun texto do galego ó castelán proposto polo tribunal. O exercicio terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos. O exercicio valorarase como **apto ou non apto** e para superalo será necesario obter o resultado de apto. Corresponderálle ó tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o resultado de apto. Estarán **exentos** de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten que dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no procedemento selectivo, posúan o **Celga 3 ou equivalente**, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

Cando remate a avaliación o Presidente aprobará a relación de aspirantes por orde de maior a menor puntuación total para, en relación con cada un dos postos que se convocan contratar ás persoas que obtiveran a maior puntuación.

OITAVA.- COMISION SELECCIONADORA

O Alcalde do Concello nomeará a comisión seleccionadora do proceso por resolución de presidencia e estará formado por:

Presidente: Un técnico do negociado de Persoal da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

Vocais: Xefa do Servizo de Protección Civil do Concello de Laza.

Un Enfermeiro do SERGAS.

Un Subxefe do Parque Comarcal de Bombeiros de Verín.

Secretario: O da corporación municipal.

Para a selección dos candidatos, a comisión seleccionadora valorará os "curriculum" e méritos



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

alegados, e fará unha entrevista persoal a cada aspirante, para valorar a súa capacidade e aptitudes para os postos convocados.

A Comisión seleccionadora estará facultada para resolver as cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo e adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo en todo o non previsto nestas Bases.

NOVENA.- BAREMO DE MÉRITOS.

Valoraranse os méritos pola comisión con arreglo ó baremo que se recolle na base sétima, e faranse constar por orde de puntuación na acta da reunión.

A calificación final do concurso será a media aritmética da suma das puntuacións parciais obtidas por cada aspirante en cada unha das fases do proceso selectivo, quedando constancia delo na acta da reunión de valoración.

DECIMA.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.

A proposta de selección publicaráse no taboleiro de Edictos da entidade, e na web <http://www.depourense.es/index.php/ofertas-emprego-concellos>, xunto coa acta da reunión da comisión de valoración onde conste tanto os criterios concretos de valoración utilizados pola Comisión como a orde de puntuación dos candidatos, encontrárase a disposición de calquer interesado que desexe examinala. Simultaneamente á súa publicación, a comisión seleccionadora elevará dita proposta para proceder cos trámites precisos para a contratación laboral.

DECIMO PRIMEIRA.- PRESENTACION DE DOCUMENTOS.

Os aspirantes que resulten seleccionados pola comisión para cada plaza, deberán presentar, no prazo de dous días naturais seguintes a contar da publicación da proposta de selección, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos na cláusula sexta para a formalización do contrato.

Caso de non presentalos no prazo anteriormente indicado ou que non reunan os requisitos esixidos, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas, non poderá ser contratado, pasando o seguinte aspirante recollido na proposta de contratación de candidatos.

DECIMO SEGUNDA.- Contra a relación de aspirantes que se propoña contratar poderanse presentar reclamacións no prazo dos DOUS DIAS SEGUINTEs, a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web <http://www.depourense.es/index.php/ofertas-emprego-concellos> e, logo de que transcorra este prazo, se non hai reclamacións procederase á sinatura dos contratos. Se houber reclamacións resolveraaas o Alcalde no prazo de dous días nos termos que procedan.



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

DECIMO TERCEIRA.- A Convocatoria e a súas Bases e cantos actos administrativos se deriven destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro e na Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa. No que non se prevé nestas bases rexerá o disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos traballadores en canto a contratos laborais a tempo parcial e de duración determinada.

O Alcalde



Asdo: José Ramón Barreal Novo

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

NOME E APELIDOS _____ **DNI** _____

C/ _____ **LOCALIDADE** _____

PROVINCIA _____ **CODIGO POSTAL** _____ **TELEFONO** _____

EXPON:

Que tendo coñecemento da convocatoria para a selección de (sinálese o que proceda):

- Enfermeiro.
- Técnico en emerxencias.

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria; e polo que,

SOLICITA:

Ser admitido o proceso de selección para a praza de (sinálese o que interese).

- Enfermeiro.
- Técnico en emerxencias

Laza ____ de _____ de 2016

Asdo. _____

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA.